



**O Movemento Down Galicia reivindica  
o valor do emprego inclusivo e presenta  
os seus mellores datos históricos**

## Índice

Datos históricos no balance de Emprego Con Apoio	2
Reivindicacións polo 20º aniversario da Convención da ONU	4
Down Galicia únese á campaña contra o odio de EAPN Galicia	7
Fundación Iberdrola reforza a súa colaboración con Down Galicia	9
Vídeo-Balance e Memoria de Down Galicia 2025	11
Novas insercións en Galicia a través do Milongas Parrillada	12
Tres persoas de Down Coruña dan o paso á vida independente	14
Teima reúne a 150 persoas na xornada do seu Grupo Motor	15
Down Vigo estrea a súa obra musical 'A maxia da cor'	17
Nazaret incorpórase ao Concello de Ribadeo grazas a Down Lugo	19
Xuntos colabora para unha mellor accesibilidade en quirófano	21
Down Ourense participa nas XXIII Xornadas Interxeracionais	22
Pamela, de Down Compostela, fai o brinde no Banquete de Conxo	23
Séguenos, subscríbete e contacta	24

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación





Inserción laboral de Down Pontevedra Xuntos

## O Movemento Down Galicia reivindica o valor do emprego inclusivo e presenta os seus mellores datos históricos

No recente Día Internacional das Persoas Traballadoras, que se conmemora o 1 de maio, as entidades que forman parte de Down Galicia veñen de facer un chamamento ao empresariado galego para seguir impulsando a inclusión laboral das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais. Tras pechar un 2025 con cifras récord, a Federación convida a empresas e administracións a confiar nun modelo que demostrou ser a ferramenta máis eficaz para a inclusión real do colectivo no mercado de traballo ordinario.

O apoio do tecido empresarial é crucial para que o futuro da sociedade se basee na igualdade, equidade e inclusión de todas as persoas. Nun mundo cada vez máis diverso, o emprego inclusivo converteuse nunha necesidade para as empresas e as administracións que buscan ofrecer oportunidades en igualdade de condicións a tódalas persoas, independentemente das súas características persoais.

### Un 2025 de máximos históricos no emprego ordinario

O balance do último ano deixa constancia do crecente interese das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais por formar parte activa da sociedade a través do desempeño laboral. En total, 270 persoas usuarias participaron no programa de Emprego Con Apoio, a cifra máis alta desde que se puxo en marcha esta iniciativa hai máis de dúas décadas.

No que respecta aos fitos acadados durante o pasado exercicio, un total de 228 persoas (o 84,4% das persoas inscritas na bolsa de emprego) accederon a un posto de traballo, xerando un volume de 254 contratos laborais. Estes datos reflicten unha notable estabilidade, xa que as contratacións de carácter indefinido representaron máis do 81,5% do total —superando as cifras do ano anterior— e rexistráronse 7 prórrogas de contratos. Así mesmo, se se computan tanto os contratos como as 38 formacións prácticas levadas a cabo no ano, a cifra de persoas participantes que contaron cunha oportunidade real no mercado laboral ordinario elévase ata o 91,1%.

En canto á distribución por localidades, obsérvase que foron 84 persoas as que traballaron en 2025 na zona de Vigo, 40 na Coruña, 26 en Ourense, 22 en Pontevedra, 22 en Lugo, 20 na área de Santiago de Compostela e 14 na zona de Ferrolterra.

Estas 228 persoas puideron adquirir experiencia en postos tan variados como auxiliar de biblioteca, preparación de pedidos online, atención ao cliente, dependente de tenda, conserxe, repoñedor, persoal de servizos xerais do Sergas, operador de loxística, celador, peón industrial, auxiliar técnico termal, persoal de eventos, expendedor de fuel, recepcionista, masajista, auxiliar administrativo, auxiliar de farmacia, pinche de cociña, ordenanza, monitor de comedor escolar, limpeza ou persoal de cafetería, entre moitos outros.

## **Down España reclama o adianto na idade de xubilación**

Ademais, a Federación Down España quere aproveitar esta sinalada data para solicitar unha reforma da Lei Xeral da Seguridade Social para adiantar a idade de xubilación das persoas coa síndrome de Down aos 42-45 anos. Esta reclamación fundaméntase no principio de proporcionalidade, xa que a esperanza de vida deste colectivo sitúase arredor dos 65 anos, fronte aos 83 da poboación xeral. Segundo o presidente da entidade, Mateo San Segundo, o obxectivo é garantir o dereito a un tempo de xubilación equivalente ao do resto da cidadanía, cumprindo así coa Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

A organización sinala que a normativa actual (Real Decreto 370/2023), que permite a xubilación aos 56 anos para persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 45%, é insuficiente para este colectivo debido ao seu envellecemento prematuro, que afecta especialmente á súa capacidade cognitiva e calidade de vida a partir dos 40 anos. Ademais, denuncian que as persoas coa síndrome de Down adoitan ter unha vida laboral máis breve e precaria, marcada por unha incorporación tardía ao mercado de traballo e postos de menor cualificación, menor remuneración e a tempo parcial.

Para reverter esta situación, Down España tamén insta ás Administracións Públicas a impulsar políticas de Emprego con Apoio e a fomentar a inserción laboral temperá. Co obxectivo de acadar o respaldo social necesario para estas demandas, a entidade puxo en marcha unha campaña de recollida de firmas a través da súa [páxina web oficial](#).

## **Down Galicia reivindica o dereito á participación no 20º aniversario da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade**

A Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade cumpre vinte anos como o instrumento xurídico máis potente para garantir a dignidade do colectivo. Desde a súa adopción en 2006, este tratado supuxo un cambio de paradigma histórico: pasouse dunha visión asistencialista a recoñecer ás persoas con discapacidade como titulares plenos de dereitos, protagonistas das súas propias decisións en igualdade de condicións.

O impacto da Convención en España é indubidable. Estes 20 anos traducíronse en avances legislativos cruciais, como a reforma do artigo 49 da Constitución ou a modificación da capacidade xurídica para substituír a incapacitación por un sistema de apoios á toma de decisións, consolidando o enfoque de dereitos humanos na discapacidade e contribuíndo a unha maior conciencia institucional e social sobre as obrigas derivadas do tratado.

### **Unha conquista colectiva**

O Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad (CERMI) fixo estes días público o seu manifesto con motivo do 3 de maio de 2026, Día Nacional en España da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

Como membros integrantes do CERMI, Down Galicia fai seu este manifesto, destacando que a Convención é “unha guía e unha conquista colectiva”. O documento subliña os seguintes fitos acadados nestas dúas décadas grazas á presión do tecido asociativo:

- Fortalecemento do recoñecemento xurídico de dereitos e maior participación na gobernanza pública.
- Progresos en accesibilidade universal e acceso ao emprego e protección social.
- Dereito á vida independente, impulsando procesos de desinstitucionalización con apoios personalizados.
- Visibilidade e toma de conciencia, eliminando prexuízos e recoñecendo o valor da diversidade humana.

Con todo, o CERMI advirte que, pese aos avances acadados, aínda persisten “barreiras estruturais e situacións de discriminación que esixen manter e reforzar o compromiso colectivo coa plena aplicación da Convención”.

As principais brechas sitúanse en ámbitos crave como a accesibilidade universal, a educación inclusiva, o emprego, a vida independente ou a protección social. Aínda que existen avances formais, a falta de recursos, a aplicación territorial desigual e a ausencia de mecanismos efectivos de esixibilidade fan que moitos dereitos non se traduzan aínda en condicións de vida plenamente inclusivas.

- [Acceso ao manifesto en galego](#)
- [Acceso ao manifesto en castelán, lectura fácil ou lingua de signos](#)

## As demandas de Down Galicia: Cara a unha inclusión real

Máis alá dos logros teóricos, dende Down Galicia sinalamos que o camiño cara á igualdade real aínda presenta desafíos urxentes que deben ser abordados polas administracións:

- **Educación inclusiva sen excepcións:** Demandamos que a escola ordinaria sexa a opción garantida para todo o alumnado, eliminando a segregación e dotando aos centros dos recursos e apoios necesarios para que ningún neno ou nena quede atrás.
- **Aposta polo emprego ordinario:** É vital fomentar a contratación de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais en empresas ordinarias a través de programas como Emprego con Apoio, garantindo a súa independencia económica e social. Así mesmo, é necesario anticipar a idade de xubilación das persoas coa síndrome de Down, fundamentándose no principio de proporcionalidade tendo en conta á esperanza de vida do colectivo con respecto á poboación xeral.
- **Atención ao envellecemento prematuro:** As persoas coa síndrome de Down presentan un proceso de envellecemento máis temperá e acelerado, que require protocolos de saúde específicos e recursos que respecten o seu desexo de seguir vivindo na súa contorna.
- **Atención temperá de calidade:** Garantir o acceso universal e gratuíto desde os primeiros días de vida, xa que é a base para o desenvolvemento de capacidades e a futura autonomía.

- **Dereito á vida independente e á autonomía persoal:** Esiximos a consolidación de políticas que garantan o dereito das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais a elixir onde, como e con quen vivir. É imprescindible transitar dun modelo asistencial cara a un sistema de apoios personalizados e procesos de desinstitucionalización, facilitando o acceso a vivendas na comunidade e á figura do asistente persoal como motor de independencia.
- **Ocio inclusivo:** Reivindicamos o dereito a gozar do tempo libre nos mesmos espazos que o resto da cidadanía, evitando actividades segregadas que limitan a súa interacción social.

En definitiva, demandamos o dereito a participar activamente en todos os ámbitos da vida social, asegurando que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais poidan utilizar os mesmos recursos e servizos que o resto da poboación. Isto implica eliminar as barreiras visibles e invisibles que aínda persisten no acceso á educación, ao emprego, á cultura, ao deporte ou aos servizos públicos, garantindo unha inclusión efectiva que recoñeza a importancia da diversidade.

Desde a Federación Down Galicia queremos recordar que a plena igualdade tan só será posible mediante o cumprimento íntegro dos principios e obrigas recollidas na Convención, eixo fundamental das políticas públicas inclusivas.



O Encontro de Xuntos reuniu en xuño ás familias, motor destas dúas décadas de reivindicacións coa Convención

## **Down Galicia súmase a máis de 160 organizacións sociais, empresariais, educativas e laborais con EAPN Galicia polo respecto fronte ao odio**

A Federación Down Galicia vén de unirse á campaña de EAPN Galicia – Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social con motivo do Día Internacional para Contrarrestar o Discurso de Odio, materializada na Declaración “Tolerancia e respecto. Fronte ao discurso do odio e á aporofobia”, que foi presentada onte mércores no Museo do Pobo Galego.

A xornada acolleu a decenas de organizacións de todos os eidos que levan asumido e asinado a declaración, unha pequena representación dos 161 asinantes entre os que se atopan entidades galegas, colexios profesionais, universidades, sindicatos, organizacións empresariais, organizacións culturais, entre outros. Tamén contou coa presenza de grupos parlamentarios, da Xunta de Galicia e a Valedora do Pobo.

Na apertura da xornada Ana Pardo, presidenta de EAPN Galicia, lembrou que esta declaración “foi pioneira en todo o Estado e que nos permitiu e nos permite ás entidades sociais galegas reforzar as nosas mensaxes contra calquera discurso de discriminación ou odio”. Pola súa parte, M<sup>a</sup> Dolores Fernández, Valedora do Pobo advertiu dos riscos dos sesgos da intelixencia artificial que poden perpetuar os discursos de odio e a discriminación.

## **Unha declaración que segue aberta a toda a sociedade**

A declaración foi lanzada hai un ano e está baseada nos principios da Declaración Institucional do Parlamento de Galicia, aprobada por unanimidade nesa cámara o 20 de outubro do 2020, deixa claro que as persoas non son culpables da súa pobreza, que ninguén é culpable do seu sufrimento e que ningunha persoa é inútil.

As persoas que sofren e denuncian esas e outras moitas mentiras ou as que afirman que “o máis perigoso dos prexuízos é cando ti mesmo os cres” non están soas.

## **Unha margarida como símbolo: “Somos máis. Somos da maioría que respecta”**

Na apertura do acto Ana Pardo, presidenta de EAPN Galicia explicaba o simbolismo da margarida como imaxe a prol do respecto fronte o odio e a aporofobia. “As margaridas son flores que medran en abundancia e podemos atopalas facilmente na nosa vida cotiá. Ás veces pasan desapercibidas, pero xuntas enchen prados enteiros”, comezaba facendo unha analogía coa maioría da sociedade que non exerce o odio.

“Somos máis. Somos da maioría que respecta. Na nosa convivencia diaria e nas nosas redes sociais. Pero tamén non votando a partidos que fomentan a violencia o odio ou a xenofobia e que en Galicia non teñen ningún tipo de presenza institucional. Traballando para que a aporofobia sexa xa considerada un agravante no Código Penal” continuaba interpelando á responsabilidade individual e social.



SOMOS MÁIS

SOMOS

DA

MAIORÍA

QUE

RESPECTA

Acto da campaña de EAPN Galicia fronte ao Museo do Pobo Galego

## **Down Galicia e Fundación Iberdrola impulsan un proxecto para a inserción laboral**

Responsables da Fundación Iberdrola España visitaron esta mañá en Santiago de Compostela o proxecto “Talento profesional de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual” que leva a cabo a Federación Down Galicia e que está cofinanciado polo Programa Social da Fundación.

Para as persoas con discapacidade, a situación en relación co emprego dista de ser a ideal. En termo medio, a súa porcentaxe de participación no mercado laboral é significativamente inferior ao do resto da poboación. É por iso que Down Galicia desenvolve este proxecto, coa misión de facilitar a incorporación das persoas con discapacidade intelectual, especialmente das persoas con síndrome de Down, no mercado de traballo ordinario, garantindo para iso todos os apoios que tanto a persoa, a familia ou a empresa necesiten.

A visita tivo lugar na sede central da entidade e contou coa asistencia de Delmiro Prieto González e Sonia Caldas Novás, presidencia e xerencia da Federación Down Galicia; Beatriz Buceta Martínez, responsable de emprego da Fundación Down Compostela; e Julia Cuevas, responsable da área Social da Fundación Iberdrola España.

Durante a xornada, as persoas asistentes coñeceron polo miúdo a traxectoria do proxecto, así como varias historias de éxito baixo a metodoloxía do Emprego con Apoio.

Ademais, puideron compartir tempo con varias persoas usuarias da Fundación Down Compostela, que explicaron cal foi ou está a ser o seu proceso de procura activa de emprego e/ou mantemento e apoio no posto de traballo.

Desde a Federación Down Galicia aproveitaron esta visita para poñer de relevo a importancia de garantir os apoios laborais ás persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais tamén no ámbito do emprego público. Neste sentido, lembraron que, na actualidade, son as empresas privadas as que están a asumir economicamente o mantemento destes apoios no posto para persoas que desempeñan o seu traballo en administracións autonómicas, provinciais e locais, polo que a entidade Down quixo agradecer publicamente esta colaboración e instar a máis empresas a colaborar con este modelo para garantir que as persoas con discapacidade intelectual que acceden ao emprego público contan tamén cos recursos e apoios laborais precisos para desempeñar as súas funcións en igualdade de condicións, favorecendo así unha inclusión real e efectiva en todos os ámbitos do mercado laboral.

O proxecto “Talento profesional de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual”, que se desenvolve en diversas zonas da comunidade galega, facilita ferramentas, recursos e reforzo a 24 persoas en procura de emprego e 46 en activo que actualmente desempeñan un posto de traballo nunha empresa ordinaria e atópanse en fase de mantemento e apoio no posto.



Visita da Fundación Iberdrola xunto a membros de Down Compostela que traballan grazas a Emprego Con Apoio



## Vídeo-balance e memoria de actividades de Down Galicia no 2025

Consulta a memoria de actividades de Down Galicia do ano 2025 en formato vídeo ou documento de texto, así como as contas anuais. Coa súa publicación, a Federación quere dar transparencia a todo o seu exercicio e actividades desenvoltas.



[Memoria de actividades 2025](#)

[Ingresos e gastos 2025](#)

## **Cando unha empresa comproba a eficacia do método de Emprego Con Apoio: Milongas Parrillada suma novas insercións laborais**

Case unha década despois de ofrecer a primeira oportunidade laboral a unha persoa coa síndrome de Down de Down Compostela, a cadea de restaurantes Milongas Parrillada continúa apostando polo programa de Emprego Con Apoio (ECA). Ao longo destes anos, e en paralelo ao seu crecemento, a empresa foi ampliando a colaboración coas entidades Down, consolidando un modelo de inclusión laboral baseado no acompañamento e no apoio personalizado.

Esta confianza na metodoloxía do Emprego Con Apoio vén de materializarse en dúas novas incorporacións. Óscar e Antón acaban de asinar os seus contratos indefinidos en restaurantes Milongas, tras superar con éxito o período de formación práctica. As súas contratacións volven demostrar que, cando empresas e entidades traballan da man, créanse oportunidades laborais estables e de calidade para as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

Ambos iniciaron o seu proceso de inserción laboral realizando formación nun dos establecementos da cadea de restaurantes, onde contaron co apoio necesario para desenvolver competencias profesionais e persoais nun contorno real de traballo. Grazas á súa implicación, esforzo e constancia, conseguiron dar o salto a un emprego estable.

No caso de Óscar, a súa experiencia desenvolveuse no Milongas Parrillada de Poio, onde realizou tarefas de apoio en sala durante o período de formación práctica. Tras demostrar a súa capacidade de adaptación e o seu bo facer no día a día, vén de pasar a formar parte do equipo cun contrato indefinido, consolidando así o seu proxecto sociolaboral.

Pola súa banda, Antón iniciou a súa etapa no restaurante Milongas do centro comercial A Laxe en Vigo a finais de xaneiro. Durante este tempo, foi adquirindo progresivamente novas responsabilidades, desempeñando tarefas propias de auxiliar de tenda e apoio ao servizo en sala. Entre as súas funcións, destacan a preparación do espazo antes da apertura, a organización de materiais ou a atención directa ao cliente durante o servizo.

Antón destaca especialmente polo seu trato co público, algo que el mesmo sinala como a súa maior fortaleza: “o que máis me gusta é servir aos clientes”. Ao longo deste proceso, tamén tivo que enfrontarse a retos e aprendizaxes, que soubo superar “con esforzo e dedicación”, demostrando unha actitude moi positiva cara ao traballo.

Ambas incorporacións son un exemplo do impacto positivo que teñen as oportunidades laborais inclusivas, tanto para as persoas como para as empresas. Neste sentido, cómpre destacar o compromiso dos restaurantes Milongas coa inclusión laboral de persoas con discapacidade, apostando por equipos diversos e enriquecedores en varias cidades e vilas de Galicia en colaboración coas entidades Down.



Antón de Down Vigo, á esquerda, e Óscar de Xuntos, á dereita, nos seus postos de traballo

## **Pedro, Carlos e José Manuel, de Down Coruña, asinan o seu primeiro contrato de aluguer para vivir de xeito independente**

A asociación Down Coruña vive un fito significativo no seu camiño pola promoción da autonomía persoal: Pedro, Carlos e José Manuel, membros da entidade, veñen de formalizar o seu primeiro contrato de aluguer para iniciar unha experiencia de vida independente nun piso compartido.

Deste xeito, Pedro Barreiro, Carlos Méndez e José Manuel Piñán, tres persoas de diferentes discapacidades intelectuais, protagonizan este avance, que supón un paso máis na consolidación dos itinerarios de vida independente que a entidade desenvolve no marco da súa Área de Vida Adulta.



**Celebración da sinatura do contrato de aluguer**

Este logro é o resultado dun proceso de preparación sostido no tempo, no que os participantes foron adquirindo competencias clave para a súa autonomía a través de accións formativas en habilidades da vida diaria e experiencias previas en contornas de vivenda. O itinerario, centrado na persoa, permitiu reforzar a súa capacidade de decisión, así como a seguridade e confianza necesarias para afrontar este novo reto vital.

### **Unha nova etapa vital con apoios**

Desde este mes de abril, os tres mozos comezan a súa vida no piso compartido, nunha etapa marcada pola responsabilidade e a autodeterminación. Neste camiño contarán co acompañamento de Down Coruña, que ofrecerá os apoios necesarios adaptados a cada situación, así como coa colaboración das súas familias.

Desde a entidade destacan o valor desta experiencia como referente para outras persoas: “Eles camiñan hoxe para que moitos outros podan correr mañá”. A asociación está convencida de que esta experiencia abrirá o camiño a futuros proxectos de emancipación.

Down Coruña pon en valor a colaboración da Asesoría e Inmobiliaria Regueiro, que facilitou o proceso de alugueiro e contribuíu a facer realidade este proxecto. A implicación da súa equipa profesional resultou clave para dar este paso.

## **Teima Down Ferrol reúne arredor de 150 persoas no encontro participativo ‘Que falo para as paredes?’ do seu Grupo Motor**

A Facultade de Humanidades do Campus de Ferrol acolleu a tarde do venres 8 de maio unha nova xornada de traballo do Grupo Motor de Teima Down Ferrol, un encontro de devolución creativa que reuniu arredor de 150 persoas centrado na escoita, reflexión e participación arredor do proceso iniciado pola entidade con motivo do seu 30 aniversario.

A cita titulada ‘Que falo para as paredes?’, inicialmente prevista no Centro Cívico de Canido, trasladouse finalmente ao campus ferrolán ao superar o aforo previsto. O encontro desenvolveuse cunha asemblea central no Aula Magna e cinco obradoiros distribuídos entre distintas aulas e contou coa participación en liña de Nacho Calderón, profesor da Universidade de Málaga, experto e activista da educación inclusiva.

A iniciativa naceu como un proceso de Investigación–Acción Participativa para dar continuidade ao traballo iniciado nas xornadas de novembro de 2024, co obxectivo de xerar espazos de diálogo, cuestionar a mirada social sobre a discapacidade, reconstruír desde o común e crear redes de apoio e colaboración.

O Grupo Motor consolidouse como un espazo estable de participación, integrado por persoas vinculadas a Teima, profesionais, familias, persoas con discapacidade e representantes da contorna comunitaria, educativa, política, cultural e social, aínda que a entidade recoñece que segue a ser insuficiente a presenza de estudantes, persoas con discapacidade e familias alleas ao ámbito da discapacidade.

Durante a asemblea abordáronse cuestións centrais para a participación activa das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais. Incidiuse na necesidade de “transformar desde o común”, lembrando que a inclusión segue a ser máis discurso ca realidade e que a diferenza continúa a incomodar socialmente. Tamén se puxo o foco na escola, descrita como un espazo no que persisten experiencias de soidade, rexeitamento, invisibilidade, infantilización, segregación e exclusión.

A xornada afondou ademais na segregación institucional, nos coidados e nas familias, na sobrecarga profesional e, especialmente, na participación e a voz propia. Entre as ideas máis repetidas estivo a urxencia de que as persoas con discapacidade falen en primeira persoa e participen na toma de decisións, así como a necesidade dunha rede comunitaria sólida que sosteña os coidados. As conclusións foron claras: a inclusión non pode depender da boa vontade, senón de políticas públicas, da revisión das estruturas institucionais e da construción de apoios estables. A valoración final foi moi positiva, cunha forte sensación de comunidade e coa vontade de seguir construíndo redes.



## **Down Vigo estrea a súa obra de teatro musical 'A maxia da cor'**

A sinestesia é un fenómeno neurolóxico e perceptivo que fai que dous sentidos se mesturen. Desta forma, as persoas poden escoitar cores ou ver sons. Con esta premisa, a asociación Down Vigo puxo o pasado 30 de abril as emocións do público a flor de pel coa estrea da obra musical "A maxia da cor".

A cita foi no Auditorio Municipal do Concello de Vigo onde, durante aproximadamente unha hora e media, as case 50 persoas de todas as idades que asisten ao servizo de Musicoterapia actuaron para un público disposto a sorprenderse.

Esta obra celebra as distintas formas de percibir o mundo, e abraza todas elas coa mesma intensidade. Iso é inclusión: entender que cada persoa ten un sentir diferente e que cando unimos os puntos de vista de todas, o resultado é asombroso.

Desde hai meses, a entidade prepara este evento no que as emocións son o fío condutor dunha secuencia de escenas protagonizadas por persoas adultas e pequenas do servizo de Musicoterapia, así como o equipo profesional da entidade. Para desenvolver a obra, Down Vigo contou co apoio da escola de baile DA Vigo e do fotógrafo Javier Lago.

Durante as sesións semanais, as persoas participantes deseñaron tanto o guión como a posta en escena, coordinados por Erick Alexander Corrente, técnico do servizo de Educativa. O resultado é a obra que veñen de estrear.

Este evento é a terceira representación teatral de Down Vigo. En 2023, A Maxia das Emocións marcou un antes e un despois na vida da entidade. As artes, as sensacións e os sons convertéronse nunha canle de expresión. De inquedanzas, de momentos vitais e de compañerismo. O resultado foi un auditorio rendido ao talento dos mozos e mozas que participaron na obra, e ao traballo de toda a plantilla de profesionais.

En 2024 chegou A Maxia da Vida para sacudir os corazóns. A todo o talento artístico engadíronse os ideais para converter as artes escénicas nun trampolín de traballo e talento e para que todo o público comprobase a profesionalidade e o pensamento crítico das persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

### **Que é a Musicoterapia?**

A Musicoterapia consiste no uso da música, así como todos os seus elementos, para mellorar a saúde mental e emocional das persoas. As principais técnicas que se empregan nestas sesións son a experimentación, a composición, a recreación e a improvisación utilizando como principal canle sensorial o oído. Adaptando a intervención a cada persoa usuaria, pódense obter melloras a nivel físico, emocional e cognitivo.

A través da Musicoterapia, trabállase a disciplina, o desenvolvemento da linguaxe, e o corpo. De forma transversal, axuda a estar en equilibrio coa contorna por ser unha forma de conseguir a plenitude como ser humano por medio das artes.



Escena de "A maxia da cor", nova obra musical de Down Vigo

## **Nazaret Barroso de Down Lugo incorpórase ao Concello de Ribadeo nun novo paso pola inclusión laboral**

Ribadeo dá un novo paso na inclusión laboral das persoas con discapacidade intelectual coa presentación do Programa Laboral de Inclusión, unha iniciativa que permitirá a incorporación durante un ano dunha persoa usuaria da asociación Down Lugo ao persoal municipal, con funcións de ordenanza e dependencia directa da Alcaldía. O programa nace da colaboración entre o Concello, a Xunta de Galicia e Down Lugo, e enmárcase na metodoloxía de Emprego Con Apoio que promove para a inclusión sociolaboral.

A protagonista desta incorporación é Nazaret Barroso, do veciño concello de Lourenzá, unha moza vinculada a Down Lugo que xa viña desenvolvendo un itinerario formativo orientado ao emprego e á administración pública. A súa chegada ao Concello sitúa a inclusión no propio día a día dun servizo municipal e converte Ribadeo nun novo exemplo de administración aberta á diversidade.

Durante a presentación do programa, o alcalde de Ribadeo, Dani Vega, destacou a importancia de ofrecer oportunidades laborais que permitan avanzar cara a unha sociedade máis igualitaria. O rexedor puxo en valor a colaboración coa asociación e sinalou que a incorporación de Nazaret supón “un paso importante” para o Concello, ademais dun exemplo de compromiso social e institucional.

Pola súa banda, a presidenta de Down Lugo, María José Blanco, subliñou que cando unha persoa ten a oportunidade de demostrar a súa valía profesional “estamos rompendo o ciclo da exclusión e permitindo que a súa contribución social sexa visible e valorada en igualdade de condicións”. Neste sentido, incidiu en que o acceso ao emprego é “o motor que transforma a percepción da discapacidade nunha percepción de capacidade e talento”, avanzando cara a unha sociedade na que a diversidade sexa entendida como un valor engadido.

María José Blanco tamén quixo facer un chamamento a outras administracións e entidades para que dean pasos semellantes e confíen en programas de inclusión laboral como o que desenvolve a entidade. “Animamos a todos os concellos e entidades a que perdan o medo e se acheguen a programas como Emprego Con Apoio. Ao incorporar unha persoa coa síndrome de Down ao voso cadro de persoal, non só estades cumprindo cun deber ético, estades converténdoos nun referente e nun modelo a seguir para toda a comunidade”.

A contratación de Nazaret Barroso supón ademais un novo avance no traballo que Down Lugo desenvolve desde hai anos para favorecer a inclusión laboral das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, acompañando ás persoas participantes tanto na súa formación como na adaptación aos postos de traballo. A entidade continúa así impulsando oportunidades reais de emprego en contornos ordinarios, demostrando que, co apoio adecuado, as persoas poden desenvolver o seu labor profesional con autonomía, responsabilidade e plena participación social.



Nazaret Barroso posa xunto a boa parte de corporación

## **Down Pontevedra Xuntos impulsa recursos accesibles para facer máis comprensible o paso polo quirófano**

A accesibilidade tamén é fundamental nos contornos sanitarios. Nun momento tan delicado como unha intervención cirúrxica, contar con información adaptada pode contribuír a reducir a incerteza, os medos e a ansiedade, favorecendo que as persoas comprendan mellor todo o proceso e afronten a experiencia con maior tranquilidade.

Con este obxectivo, Down Pontevedra Xuntos colaborou nos últimos meses co Tránsito Fin de Grao da futura enfermeira Natalia Solla, titulado "Preparación cirúrxica accesible para persoas adultas coa síndrome de Down".



**Natalia Solla e membros de Xuntos co libro pictográfico**

Como resultado deste proxecto elaboráronse diferentes materiais de apoio para facilitar a comprensión do proceso cirúrxico por parte das persoas coa síndrome de Down e outras persoas con discapacidade intelectual. En concreto, creouse un libro pictográfico sobre o quirófano e dous vídeos explicativos, que amosan de forma sinxela e visual o que pode acontecer antes, durante e despois dunha intervención.

Ademais de proporcionar ferramentas accesibles para as persoas pacientes, o traballo tamén puxo de manifesto outra realidade importante: a necesidade de reforzar a formación do persoal sanitario para ofrecer unha atención máis axeitada ás persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual no ámbito cirúrxico.

Os recursos elaborados están dispoñibles en aberto:

 [Vídeo sobre o proceso cirúrxico](#)

 [Vídeo sobre a cirurxía de cataratas](#)

 [Libro pictográfico do quirófano](#)

Iniciativas coma esta contribúen a avanzar cara a unha sanidade máis accesible, inclusiva e centrada nas persoas, onde a información adaptada constitúe unha ferramenta esencial para garantir unha atención de calidade para todas e todos.

## **Down Ourense participa nas XXIII Xornadas Interxeracionais celebradas na cidade termal**

Varias persoas usuarias de Down Ourense formaron parte o pasado 16 de abril das XXIII Xornadas Interxeracionais celebradas na cidade, un encontro organizado por alumnado e profesorado do Grao de Educación Social da Facultade de Educación e Traballo Social e por Ategal, que busca tecer lazos entre as diferentes etapas vitais e dar visibilidade á importancia de estar en conexión coa diversidade. Os mozos e mozas participaron de xeito activo en actividades deseñadas para romper barreiras e demostrar que o diálogo entre xeracións é unha ferramenta clave para a inclusión. A través de obradoiros compartidos e espazos de lecer, as persoas da asociación achegaron a súa vitalidade e perspectiva, enriquecéndose ao mesmo tempo coa sabedoría e vivencias das persoas maiores da cidade.

Estas xornadas, que reuniron a máis de 150 persoas, volveron converterse nun punto de encontro esencial para fomentar a cohesión social e o intercambio de experiencias entre distintas idades. Así, creáronse espazos de convivencia onde xente moza e maiores puideron compartir coñecementos, valores e afeccións, combatendo así o illamento social e os estereotipos. A través dun amplo programa de actividades lúdicas, formativas e culturais, as xornadas destacaron a importancia de manter os vínculos comunitarios e de recoñecer o legado experiencial das xeracións máis lonxevas.

Ao longo dos anos, este proxecto logrou implicar a diversos axentes sociais, centros educativos e colectivos cidadáns, demostrando que a interacción xeracional enriquece o tecido social e mellora o benestar emocional de todas as persoas participantes. Con esta vixésimo terceira edición, as xornadas revalidaron o seu éxito ao transformar a diversidade de idades nunha oportunidade para a cohesión, a empatía e o crecemento colectivo.


A participación de Down Ourense nestas xornadas reafirma o compromiso da entidade coa autonomía e a participación das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais en contornas comunitarias. Esta colaboración non só permite tecer novas redes de apoio e amizade, senón que tamén serve para sensibilizar á sociedade ourensá sobre a importancia de construír unha cidade máis humana e diversa.



**Momento das xornadas en Ourense**

## **Pamela Casagrande, usuaria de Down Compostela, brinda no Banquete de Conxo “pola diversidade, pola igualdade e pola inclusión”**

A Fundación Down Compostela estivo presente o pasado 24 de maio no Banquete de Conxo, celebrado na vila compostelá. No acto de despedida da festa, Pamela Casagrande, usuaria da entidade, fixo un brindado pola diversidade, pola igualdade que recoñece o valor de cada ser humano, pola igualdade de oportunidades e pola inclusión “que non só convida á festa senón que saca a todos a bailar”.



**Pamela Casagrande durante o seu brindado**

Deste xeito, Pamela amosou a súa esperanza de que este brindado “non sexa só de palabras, senón de accións diarias nas nosas vidas”, e rematou a súa intervención reclamando “un mundo máis xusto, libre e humano”.


Pamela Casagrande foi unha das convidadas a participar no acto oficial de despedida da festa e convite para a seguinte edición, xunto con Celia Pinaque, da Asociación de Veciños Mestra Victoria Míguez de Vidán; integrantes da Asociación de Veciños Domingo Cepeda do Eixo; Os Quinquilláns, e Manolo Portas, que pronunciou o pregón de peche.

Ao rematar a súa intervención, a alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín, agasalhou a Pamela cunha lámina das Dúas Marías e unha libreta conmemorativa do Día das Letras Galegas, dedicado este ano a Begoña Caamaño.


O Banquete de Conxo é unha festa popular que conmemora o Banquete celebrado en 1856, no que estudantes universitarios compartiron mesa con obreiros e artesáns, no que participaron figuras como Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre ou Rosalía de Castro. É unha festa de convivencia e memoria histórica que reivindica valores como a fraternidade, a igualdade e a cultura popular galega.


## Séguenos

[DownGalicia.org](https://DownGalicia.org) 

[Facebook.com/DownGalicia](https://Facebook.com/DownGalicia) 

[X.com/DownGalicia](https://X.com/DownGalicia) 

[Instagram.com/DownGalicia](https://Instagram.com/DownGalicia) 

[Youtube.com/DownGalicia](https://Youtube.com/DownGalicia) 

[Flickr.com/DownGalicia](https://Flickr.com/DownGalicia) 

## Subscríbete

[Recibe a Revista de Down Galicia no teu correo!](#) 

## Contacta

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo **[comunicacion@downgalicia.org](mailto:comunicacion@downgalicia.org)**.

Subvencionado por



[Consulta a nosa política de privacidade](#)



**DOWN**  
Galicia

DownFest, a festa de ocio compartido de Down Coruña, este xuño